



**PLAN DE CONTINXENCIA  
PARA A SITUACIÓN COVID 19  
CURSO 2021/22**

**IES Eduardo Blanco Amor**

Actualizado a 13 de setembro do 2021

# Índice

Índice	2
1 Introducción	3
2 Actuacións previas diante da aparición dun gromo	3
3 Actuacións para o período de actividade lectiva non presencial	4
4 Medidas para o reinicio da actividade lectiva presencial	6

# 1. Introducción

O Plan de Continxencia do IES Eduardo Blanco Amor de Ourense ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

## 2. Actuacións previas diante da aparición dun gromo

No plan de adaptación á situación COVID-19 do centro xa se contemplan unha serie de medidas relacionadas coa pandemia COVID-19. Entre outras, destácanse as seguintes:

- Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. Recórdase que os responsables do alumnado comprométese a facer unha enquisa de autoavaliación clínica diaria, e non mandar ao alumno ao centro si mostra algún dos síntomas.

- Diante dun suposto no que unha alumna ou alumno comeza a desenvolver síntomas compatibles coa COVID-19 no centro educativo, como xa se indica no Protocolo de adaptación ao contexto da Covid 19, levarase a un espazo separado de uso individual, colocárselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado, aconséllase que esta persoa empregue unha mascarilla tipo KN95/FFP2), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado.

Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid 19, os restantes casos agardarán acompañados por algunha persoa traballadora do centro educativo nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada. A persoa que utilice a FFP2 deberá estar formada na utilización dos equipos de protección individual e no seu refugallo.

- En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e seguir as instrucións do seu centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
- No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus no centro educativo, tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 incluírá na aplicación informática EduCovid a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo. Todo isto sempre baixo as indicacións que se reciban do Sergas.
- A familia dun alumno/a con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico.
- Tras a aparición dun caso diagnosticado de Covid 19 seguiranse as recomendacións da CSC, e no caso de gromos, da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que

nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

- A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o confinamento de parte do alumnado dunha clase, da aula completa ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade cos seguintes supostos:
  1. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación, é un suposto de declaración obrigatoria, que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.
  2. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia.
- O profesorado de cada materia experimentará no centro cos alumnos o uso dos medios de comunicación telemática, así como a Aula Virtual, a empregar no caso de ter que desenvolver un proceso de ensino-aprendizaxe a distancia, tal e como se establece no protocolo de adaptación ao contexto Covid.
- O profesorado titor de cada grupo proporcionarlle información aos pais, nais ou representantes legais sobre o uso dos medios de comunicación telemáticos, así como da aula virtual. Dita información realizarase polo procedemento que se estime máis efectivo e preferentemente de xeito telemático.
- O horario para os supostos de ensino a distancia será, de maneira xeral, o mesmo que o elaborado para desenvolver o réxime de presencialidade; non obstante, tendo en conta o esforzo que vai a supoñer para o alumnado e o profesorado o seguimento da actividade a través de medios telemáticos, poderá reducirse a duración de cada sesión lectiva ata un máximo do 40 %

Os horarios dos diferentes grupos incorporaranse como un anexo ao presente plan de continxencia.

### **3. Actuacións para o período de actividade lectiva non presencial**

- O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado, preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará un seguimento do alumnado, impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles, ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

- O equipo COVID do centro en colaboración cos titores, identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento para que a Consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.
- Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.
- No caso de levar a cabo unha docencia non presencial, os contidos das materias impartidas polos departamentos, serán os mesmos que figuran nas diferentes programacións para a docencia presencial, aínda que introducindo os cambios metodolóxicos necesarios para adaptarse a nova situación.

Os mecanismos a empregar serán os telemáticos que temos á nosa disposición, isto é, aula virtual do centro, ferramenta telemática Cisco Webex, emprego de grupos de whatsapp, etc. Tendo en conta isto, a comunicación co noso alumnado será:

1. A docencia, que implica levar a cabo as explicacións correspondentes aos diversos puntos da programación, farase empregando as reunións telemáticas que permite a plataforma Cisco Webex ou a aplicación whatsapp de ser necesario, e sempre no horario establecido no centro. Ditas reunións equivalerían as clases que se desenvolven, de maneira habitual, na presencialidade. Isto permítenos compartir facilmente documentos e presentacións co alumnado, axudándonos a acadar una boa comprensión dos diferentes contidos. Ademais, o emprego desta ferramenta permite, de xeito eficaz, a resolución de dúbidas, preguntas e curiosidades, que poidan xurdir no alumnado, e que pode ser compartido por todo o grupo ao mesmo tempo.
  2. A aula virtual do centro empregárase, entre outras cousas, para:
    - Envío ao alumnado de documentos, arquivos, presentacións, etc, que sirvan de apoio ao labor docente desenvolvida coas explicacións que se fagan na plataforma Cisco Webex.
    - Envío de actividades de apoio e reforzo dos contidos tratados. Os alumnos contestarán a ditas actividades tamén a través da aula virtual, por exemplo a través de tarefas.
  3. Nos casos de que se poidan producir situacións de perda momentánea de conexión, pódese empregar como contacto co alumnado a aplicación de Whatsapp.
  4. En relación á avaliación, por unha banda tería un carácter continuo empregando nas nosas clases virtuais preguntas directas aos diferentes alumnos e facendo un seguimento das actividades que desenvolvan na aula virtual. Por outro lado, faríanse os exames correspondentes, xa sexa a través da plataforma Cisco Webex ou da aula virtual, no período correspondente a unha das nosas horas de clase para así poder facer un seguimento directo do mesmo.
- O profesorado titor informará aos pais e nais ou titores legais do alumnado menor de idade e ao alumnado maior de idade das normas que se establezan polo centro para esta modalidade non presencial de ensino-aprendizaxe, así como do control de asistencia e participación a través dos medios telemáticos, que realizará diariamente o profesor

mediante as ferramentas habituais, e das súas consecuencias no proceso de avaliación que o equipo docente ten establecido na súa programación didáctica.

- A persoa responsable do departamento de orientación do centro, no horario establecido pola dirección, velará polo cumprimento do Plan Xeral de Atención á Diversidade, coordinará a atención ao alumnado NEE por parte do persoal adscrito ao departamento de orientación, realizará as correspondentes reunións telemáticas para o desenvolvemento e seguimento do Plan de Acción Titorial.
- A xefatura de estudos do centro requirirá ao final de cada semana unha relación de actividades que realizou o profesorado co alumnado no horario establecido.

## **4. Medidas para o reinicio da actividade lectiva presencial**

Finalizado o período non presencial realizarase unha planificación do retorno á actividade presencial seguindo as indicacións da Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.

Sen prexuízo das medidas xenéricas establecidas no protocolo aprobado polas consellerías de Educación e Sanidade, o centro ten previsto as seguintes intervencións:

- Realizarase unha adecuación dos espazos, que fundamentalmente consistirá na limpeza e desinfección dos mesmos, a revisión das distancias e medidas de seguridade.
- O retorno á actividade presencial despois do confinamento, será co total do alumnado do grupo, de maneira que non se establecerán porcentaxes de reincorporación.
- Levaranse a cabo actividades encamiñadas a reforzar a formación do alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans, etc.
- En relación ós contidos docentes, recoméndase que se faga un repaso de reforzo daqueles que se impartiron durante o confinamento.